

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 23 DE XANEIRO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintetrés de Xaneiro de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente a Secretaria Dona Patricia Hernández Estévez e o Interventor acctal. Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 16 de Xaneiro do dous mil seis (Ordinaria).

### **2.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.**

“Habéndose advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 26.12.2005, posto que a licenza concedida a dona Rosa Aparicio Carbajo, tal como resulta do informe da Corporación municipal remitido á Delegación de Medio Ambiente e da propia cualificación da Delegación de Medio Ambiente na que se alude as medidas correctoras para levar a cabo a hospitalización, así como o acordo de concesión de licenza provisional para hospital veterinario de data 19.04.04, é para Hospital Veterinario e non Clínica Veterinaria, procédese a súa rectificación de acordo co artigo 105.2 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, quedando como segue:

*“Visto o expediente tramitado a instancia de dona Rosa Aparicio Carbajo, administradora da Sociedade “Clínica Veterinaria Ribeiro, S.L., con domicilio na rúa Martínez Vázquez (antiga López Ramón), nº 11-Planta Baixa, desta vila, para concesión de licenza de apertura e funcionamento de Hospital Veterinario, na rúa Martínez Vázquez (antiga López Ramón), nº 11-Planta baixa, desta vila.*

*Cumpridos os trámites e requisitos esixidos polo Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de Novembro de 1.961 e disposicións complementarias, para concesión de licenza de apertura e funcionamento de Hospital Veterinario en Rúa Martínez Vázquez (antiga López Ramón) nº 11-Planta baixa, desta vila, para cuxa actividade foi concedida Licenza Provisional por acordo da Xunta de Goberno Local con data 19.04.04, e unha vez presentado certificado de fin de obra o día 30.11.05,*

emitiuse informe pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico con data 13.12.05.

A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Conceder Licenza definitiva a dona Rosa Aparicio Carbajo, administradora da Sociedade “Clínica Veterinaria Ribeiro, S.L. para a apertura e funcionamento da actividade de Hospital Veterinario na rúa Martínez Vázquez (antiga López Ramón), nº 11-Planta Baixa, desta vila, cuxa eficacia será nula en tanto en canto non se aboe a correspondente taxa pola apertura de establecementos que ascende, segundo liquidación practicada polo Interventor do Concello, a contía de 592,75 euros; condicionando dita licenza á substitución do rótulo e da persiana exterior existente en cumprimento dos seguintes artigos das Ordenanzas do PEPRI, segundo informe técnico de data 13.12.05:

**“Artigo 46. Rótulos:**

-Os rótulos e anuncios comerciais e publicitarios deberán colocarse sempre na planta baixa, salvo que se xustifique e garanta a súa adecuada integración no proxecto e non se trate de edificacións catalogadas nalgún dos distintos niveis de protección.

-Os rótulos non poderán en ningún caso tapar algún elemento decorativo do edificio.

-Quedan expresamente prohibidos aqueles que sobresaian da fachada. Poden autorizarse tralo informe previo, rótulos tallados en cadeirado de granito, en letras romanas soltas sobre cantería, rótulos de letras douradas sobre o vidro transparente de escaparates, rótulos de madeira con letras pintadas ou en relevo dentro de dimensións que se imporán en cada caso, placas anunciadoras en bronce ou latón gravados, forxa ou chapa que poderá ser pintada de dimensión menor de 30x20 cm.

Nos establecementos comerciais non se permiten rótulos luminosos, en neon co tubo visible ou en caixas de material plástico, sobre fachada ou en “bandeirola”.

**Artigo 60. Reixas e Peches de Seguridade en Baixos Comerciais:**

Prohíbese a instalación de persianas ou peches de seguridade totalmente opacos que oculten o pechamento de vidro ou carpintería dos vanos. Poderán dispoñerse reixas caladas, metálicas ou de fundición que permitan a visión da configuración do oco da fachada, sen ocultar maineis nin carpinterías, non admitíndose a instalación vista de capialzados para aloxar o mecanismo de enrolado ou recollida. Prohíbense as reixas de aluminio.

O seu acabado e coloración deberá harmonizar co resto da fachada e, en particular, coa carpintería da planta baixa no seu conxunto. Recoméndase o deseño específico das reixas de protección nas portadas de locais comerciais conforme a estes criterios, evitando a xeneralización de modelos industrializados.”

Advertir ao interesado que posúe un prazo de 15 días para proceder a subsanación dos defectos sinalados no informe da arquitecta da Oficina do PEPRI.

Segundo.- A expedición da correspondente licenza pola Secretaría do Concello, que servirá ao interesado como documentos acreditativo desta concesión.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao interesado.”

### 3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

“Visto o escrito presentado por **don Carlos Alfonso González Fernández**, con domicilio na rúa Muñoz Calero, nº 62, desta vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Muñoz Calero, nº 62-1º, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **don Manuel Rodríguez Rodríguez**, con domicilio na rúa Yáñez, nº 21, desta vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa General Aranda , nº 3-Baixo, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial para local zona de xogos, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Vistas as alegacións presentadas por don Ricardo Paz Díaz en representación de **dona Guadalupe Crespo Romero** o día 10.01.06 ás bases específicas aprobadas por Xunta de Goberno Local o día 26.12.05, publicadas no BOP de 4 de xaneiro de 2006 para a contratación temporal dun técnico local de emprego para o programa Equal, nas que alega que os puntos 1 (circunstancias persoais) e 4 (Titulación) discriminan aos non residentes neste Concello e a outros licenciados que non aparecen no punto 4.1. e que sen embargo soen desenrolar as funcións de técnico local de emprego (ex. Licenciado en psicoloxía), solicitando se revisen as bases nesos dous puntos, suprimindo a puntuación por empadroamento no Concello de Ribadavia e suprimindo os 2 puntos do apartado 4.1. ou facéndoos extensivos a outras licenciaturas.

Tendo en conta que en base ao artigo 32.3 da Lei 30/92 se lle comunicou a necesidade de subsanar o seu escrito de alegacións mediante a acreditación de dita representación, producíndose dita subsanación coa presentación de escrito de 19.01.06.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas ás bases en base aos seguintes argumentos:

- a) Polo que se refire ao punto 4.1 no que se outorgan dous puntos pola posesión da titulación de licenciado en dereito, económicas ou empresarias, dita valoración está xustificada polas funcións específicas do posto de técnico local de emprego a desenrolar, xa que o mesmo ubícase dentro dun programa europeo Equal “Avia Crea Futuro” cuxa finalidade é fomentar o autoemprego de aqueles sectores máis desfavorecidos, sendo necesario a elaboración de Plans de Viabilidade de empresas e Plans económicos- financeiros, así como a posible tramitación de axudas ou cumprimentación doutros trámites legais, de aí, a especial valoración de ditos coñecementos económicos e xurídicos, sen que en ningún momento se impida o acceso ao concurso de méritos doutras licenciaturas posto que o requisito de acceso é estar en posesión de licenciatura.
- b) Polo que se refire ao punto 1 (Circunstancias persoais), a valoración de ata un punto do empadramento no Concello de Ribadavia ven xustificada pola esixencia de coñecemento do territorio do propio programa europeo, sendo así que dito programa abarca catro concellos (Ribadavia, Leiro, Carballiño e Boborás), sendo competencia de cada concello a contratación dos correspondentes técnicos locais de emprego para o desenrolo das funcións propias do programa. Por outro lado, a puntuación que se lle atribúe a dito mérito non resulta desproporcionada en relación aos restantes (experiencia profesional, formación especializada, idioma, etc.), supoñendo unha puntuación mínima dentro do total do concurso de méritos, e sen que no presente proceso dita puntuación fose a decisiva, pois ningunha das dúas primeiras candidatas se atopaba empadroada no Concello.

Segundo.- Notificar o presente acordo á interesada co réxime de recursos que proceda.”

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

“Escrito da Deputación Provincial de Ourense de data 18.01.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 23.01.06, polo que se achega copia das bases reguladoras da elaboración e execución dos Plans Provinciais 2006, ditaminadas favorablemente pola comisión informativa correspondente, e que previsiblemente serán aprobadas no pleno ordinario de 27 de xaneiro de 2006, co obxecto de que por parte deste Concello se poida proceder xa á preparación da correspondente solicitude.”

“Escrito da empresa municipal de augas, Aqualia, de data 19.01.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 19.01.06, polo que se achegan os resultados de análises de mostras de auga para o Consumo público do Municipio de Ribadavia, correspondente aos meses de novembro e decembro do 2005, así como os resultados dos análises completos realizados de mostras da rede de Ribadavia e os análises da EDAR de Francelos dos meses de novembro e decembro, que reflexan un rendemento en depuración, en algúns casos, do 98 % moí superior ao acadado por este tipo de depuradoras en outras instalacións.”

“Escrito da Confederación Hidrográfica do Norte (Comisaría de Augas), de data 12.01.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o 19.01.06, polo que se comunica a resolución adoptada polo Comisario de Augas en relación a revisión da autorización de vertido de augas residuais do Concello de Ribadavia (V/32/00120A) outorgada por resolución da Confederación de data 06/06/1997.”

“Escrito do Valedor do Pobo de data 12.01.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 17.01.06, polo que en relación ao Expediente C.6.Q/24/05, iniciado como consecuencia da queixa formulada por don Miguel Ángel Rivas Muñiz referente ás molestias ocasionadas por un pub sen licenza, se piden unha serie de aclaracións sobre a efectividade dada á recomendación que se remitiu o 23.05.05.”

“Escrito da Consellería de política territorial, obras públicas e transportes (Dirección Xeral de Urbanismo, de data 12.01.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 17.01.06, polo que se achega copia da resolución do director xeral de Urbanismo pola que se acorda imponer unha sanción a don Fidel Regueiro Cacheiro como responsable, na calidade de promotor das obras e propietario dos terreos, da comisión dunha infracción urbanística moi grave, consistente na realización de obras e actividades en solo rústico prohibidas pola Lei 9/2002.”

“Escrito da Mancomunidade do Ribeiro de data 12.01.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 16.01.06, pola que se achega notificación da Resolución ditada pola Presidencia da Mancomunidade con data 31 de decembro de 2005 acordando a liquidación final do custo satisfacer polos Concellos para atender ao sostemento dos servizos mancomunados prestados no exercicio 2005, sendo a resultante para Ribadavia a seguinte:

Recollida de lixo.....	165.923,95 euros.
Recadación.....	11.652,83 euros.
Servizos Sociais.....	51.678,62 euros.
Protección civil e prev. Lumes.....	50.011,31 euros.
Servizos varios cultura.....	10.843,72 euros.
Totais.....	290.110,43 euros.”

## **5.- CUESTIÓNS ECONOMICAS.-**

### **AXUDAS LIBROS E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2005-2006.**

“ Vistas as solicitudes obrantes no expediente e en base a documentación achegada polos interesados e o informe da asistente social.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- **CONCEDER**, de acordo coas bases das axudas para LIBROS do curso 2005/2006 aprobadas na Xunta de Goberno Local de 5 de setembro de 2005, as subvencións nas contías e as persoas que de seguido se relacionan:

<u>NOME DO CABEZA DE FAMILIA</u>	<u>D.N.</u>	<u>NOME FILLO/A</u>	<u>CONTIA</u>
ENRÍQUEZ ARIAS MARCOS	<u>I</u> 44480950-P	ENRIQUEZ PEREZ, LUCAS	30 €

Segundo.- **NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados co réxime de recursos que proceda.”

“Dáse conta da prórroga da vixencia do Convenio de colaboración para a rehabilitación de vivendas e edificacións no casco histórico de Ribadavia subscrito o 15 de xaneiro de 2004 entre o Ilmo. Concello de Ribadavia e a Caixa de Aforros de Galiza, por unha nova anualidade, é dicir, ata o 31 de decembro de 2006, mantendo as condicións sinaladas no seu día, coa inclusión da seguinte novidade: Existirá, a criterio de Caixa Galicia, e exclusivamente para o ano 2006, a posibilidade de aplicar carencia, en función do tempo estimado da obra e cun máximo de 24 meses, nas modalidades de préstamo hipotecario e préstamo persoal a tipo de interese variable.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, dáse por enterada e préstalle a súa aprobación.”

**ADXUDICACIÓN DA OBRA MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA RÚA BANDA LA LIRA. CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA.-**

“Vista a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación a favor de CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJO, S.A., a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- Adxudicar a obra de Mellora da Accesibilidade na Rúa Banda La Lira Casco Histórico de Ribadavia a **CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJO S.A.**, sendo o importe de adxudicación de 149.988,60 euros.

2º.- Comunicar ó adxudicatario que deberá proceder a constitución da garantía definitiva equivalente ó 4% do importe de adxudicación no prazo de 15 días seguintes a notificación da adxudicación.

3º.- Comunicar ó adxudicatario, que previa constitución da garantía definitiva, deberá procederse a formalización do contrato no prazo de 30 días seguintes a notificación da adxudicación.

4º.- Proceder a publicación do acordo de adxudicación no BOP e no DOGA de conformidade co disposto no artigo 93 do RD Lexislativo 2/2000 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas.

4º.- Nomear coma Técnicas Directoras da obra a dona Mercedes Álvarez López e dona Susana Alberte Sendín, arquitectas da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico.

5º.- Notificar o presente acordo ó adxudicatario e o nomeado para a dirección da obra.”

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.